



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

**meteogalicia**

*Informe climatolóxico verán 2015*

---

# **INFORME CLIMATOLÓXICO VERÁN 2015**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>3</b>
<b>2</b>	<b>BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN EN VERÁN 2015 EN GALICIA.....</b>	<b>3</b>
<b>2.1.</b>	<b>Temperatura.....</b>	<b>4</b>
<b>2.2.</b>	<b>Precipitación.....</b>	<b>9</b>
<b>3</b>	<b>EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE VERÁN.....</b>	<b>13</b>
<b>3.1.</b>	<b>Temperatura.....</b>	<b>13</b>
<b>3.2.</b>	<b>Precipitación.....</b>	<b>16</b>

**Data edición: 17-09-2015**



**Verán cálido e seco, principalmente nos meses de xuño e xullo.**

## 1 INTRODUCCIÓN

O verán de 2015 foi moi similar ó do ano 2013. Neste ocasión o valor de referencia do período 1971-2000, que é 18.8°C, foi superado en 1.2°C, o que fai que a estación sexa considerada como cálida.

En canto ás precipitacións, a chuvia rexistrada foi inferior nun 30% ao valor climático de referencia do período 1971-2000, que é de 121 L/m<sup>2</sup>, e polo tanto, o verán pode cualificarse como seco.

A continuación preséntase unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de verán (dende xuño de 2015 a agosto de 2015). Así analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1971-2000. Os criterios para definir as categorías climáticas correspondentes á precipitación e á temperatura móstranse na táboa 1.

Categoría PP	Porcentaxe de precipitación total rexistrada respecto da media climática	Categoría temperatura	Diferenza entre a temperatura media e a media climática.
Moi seco	<30%	Moi cálido	≥3°C
Seco	Entre 30% e 90%	Cálido	Entre +3°C e +0.5°C
Normal	Entre 90% e 110%	Normal	Entre 0.5°C e -0.5°C
Húmido	Entre 110% e 190%	Frío	Entre -0.5°C e -3°C
Moi Húmido	>190%	Moi Frío	≤-3°C

**Táboa 1:** Categorías para precipitación e temperatura.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste verán e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1971-2000. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no verán respecto do valor da media climática correspondente.



## **2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN EN VERÁN 2015 EN GALICIA.**

### **2.1. Temperatura**

O verán comezou cun mes de xuño no que as temperaturas estiveron en xeral moi por riba das agardadas debido á presenza das altas presións, que con frecuencia se situaron ao norte da Península Ibérica, permitindo o achegamento de masas de aire africano. Isto deu lugar a temperaturas moi elevadas durante o día. Como resultado disto, a anomalía positiva observada na temperatura máxima foi máis elevada que a das mínimas.

En xullo as temperaturas estiveron en xeral entre a normalidade naquelas localidades máis afectadas polos ventos do suroeste, que sopraron intermitentemente, e valores máis elevados en localidades do interior, onde as fronte débiles propias desta época non conseguiron apenas ocasionar descenso térmicos. Por outra banda, no período comprendido entre o 5 e o 17 de xullo, as temperaturas foron moi elevadas. Isto debeuse principalmente á presenza persistente dunha masa de aire cálido procedente do norte de África.

En agosto as temperaturas non tiveron desviacións moi notables en ningún punto respecto aos valores agardados. Porén, a consecuencia de moitas xornadas de ceos anubrados e chuvias que afectaron principalmente as provincias de Pontevedra e ó suroeste da Coruña deixan temperaturas en media algo por debaixo das agardadas, mentres que o norte e leste presentaron temperaturas normais ou lixeiramente por riba das propias do mes. Como resultado desta situación, en toda a Comunidade, o mes resultou normal.

Nas táboas 2 e 3 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de verán 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Destacan as xornadas do 29 de xuño e o 9 de xullo foron días especialmente calorosos neste verán de 2015, destaca tamén o 14 de xullo nas zonas máis altas da Comunidade.



Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán 2015 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Nome da estación	Concello	Provincia	TA (°C)
09/07/2015	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	41.2
29/06/2015	San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	40.6
29/06/2015	Ourense	Ourense	Ourense	40.1
29/06/2015	A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	40.1
09/07/2015	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	39.5
29/06/2015	Millara	Ferreira de Pantón	Lugo	39.4
09/07/2015	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	39.1
09/07/2015	Prado	Castrelo de Miño	Ourense	38.8
13/07/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	38.7
29/06/2015	Laza	Laza	Ourense	38.6

**Táboa 2:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas na verán de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no verán 2015 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Nome da estación	Concello	Provincia	TA (°C)
14/07/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	35.2
14/07/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	34.4
29/06/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	34.0
15/07/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	32.1
29/06/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	32.0
14/07/2015	Xurés	Muiños	Ourense	31.9
29/06/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	31.7
29/06/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	30.8
15/07/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	30.8
29/06/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	30.3

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas na verán de 2015 a altitude maior de 1000 m.

Nas táboas 4 e 5 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade no verán de 2015 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 13 de xuño foi a que rexistrou as mínimas máis baixas tanto en altitudes altas coma baixas.



Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán 2015 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Nome da estación	Concello	Provincia	TA (°C)
13/06/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-0.5
12/06/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-0.4
13/06/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	0.5
13/06/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	1.5
13/06/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	1.7
13/06/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	2.5
13/06/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.5
13/06/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	3.0
13/06/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.3
12/06/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	3.7


**Táboa 4:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na verán de 2015 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no verán 2015 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Nome da estación	Concello	Provincia	TA (°C)
13/06/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-0.3
13/06/2015	Baltar	Baltar	Ourense	0.0
11/06/2015	Lanzós	Vilalba	Lugo	2.1
13/06/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	2.4
02/06/2015	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	2.4
08/08/2015	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	2.7
13/06/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	2.9
13/06/2015	Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	3.4
13/06/2015	Riós	Riós	Ourense	3.4
13/06/2015	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	3.8

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na verán de 2015 a altitude inferior a 1000m.




Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o verán de 2015. A Serra do Xistral presentou os valores máis baixos de temperatura. Nas zonas polas que discorre o río Sil, o curso baixo do río Miño e na comarca de Verín, rexistráronse os valores máis altos nesta variable.



**Figura 1:** Temperatura media no verán 2015



Na figura 2 pode verse o mapa de anomalías de temperatura para este verán. Exceptuando as comarcas do Barbanza e Muros, esta estación resultou cálida en xeral, cun exceso medio de 1.3°C respecto ao valor agardado.



**Figura 2:** Mapa de anomalías de temperatura na verán 2015





## **2.2. Precipitación**

A ausencia de sistemas frontais activos e o predominio de chuvias de carácter treboento, fixo que, en xeral, os rexistros acadados no mes de xuño estiveran moi por debaixo do agardado, resultando este mes moi seco no conxunto de Galicia.

O verán continuou cun mes de xullo que foi só relativamente normal en canto á precipitación se refire só en determinadas rexións ás que chegaron algúns sistemas frontais débiles, como a zona costeira da provincia de Pontevedra. A situación de déficit de chuvia quedou máis concentrada en zonas da provincia da Coruña e no oeste da provincia de Ourense. No interior as precipitacións orixinadas polas treboadas fixeron que os rexistros de chuvia foran normais ou en exceso nalgúns puntos, pero naqueles lugares nos que estas treboadas non chegaron a ocorrer, principalmente en comarcas do interior da provincia de Ourense e Pontevedra, obsérvase un importante déficit hídrico. Destaca a zona da Mariña luguesa, onde as precipitacións estiveron por riba dos valores agardados.

Tras dous meses nos que o predominio era a escaseza das chuvias, agosto estivo moi marcado polo episodio de chuvia intensa e persistente que se rexistrou nas xornadas do 26 e 27 e primeiras horas do 28, período no que se acadaron máis de 100 L/m<sup>2</sup> nalgúns zonas do oeste de A Coruña. Pero cabe destacar que estas situacións afectaron principalmente á provincia de A Coruña e norte de Lugo, o que explica que esas zonas rematasen o mes cun importante exceso de chuvia. Isto deu como resultado un mes en conxunto húmido practicamente en toda Galicia, con excepción da provincia de Ourense e as localidades que non se viron afectadas polas treboadas das derradeiras xornadas do mes, onde agosto resultou seco ou moi seco.

Na táboa 6 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados nesta verán de 2015.



Precipitación máxima estacional no verán 2015			
Estación	Municipio	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	541
Muralla	Lousame	A Coruña	517
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	463
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	428
Coto Muiño	Zas	A Coruña	381
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	379
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	367
Pereira	Forcarei	Pontevedra	344
Cespón	Boiro	A Coruña	341
Labrada	Abadín	Lugo	312

**Táboa 6:** Valores máximos de precipitación acumulada na verán de 2015.


Na táboa 7 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados:

Precipitación mínima estacional no verán 2015			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Baltar	Baltar	Ourense	48
Verín-Vilela	Verín	Ourense	62
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	62
Larouco	Larouco	Ourense	71
Ourense	Ourense	Ourense	73
San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	76
Gandarela	Celanova	Ourense	77
Prado	Castrelo de Miño	Ourense	78
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	81
Verín-Vilamaior	Verín	Ourense	83

**Táboa 7:** Valores mínimos de precipitación acumulada no verán de 2015




Na figura 3, móstrase a precipitación total acumulada neste verán de 2015. As zonas máis chuviosas foron as comarcas de Xallas, A Barcala e Barbanza, mentres que na provincia de Ourense rexistráronse os valores de precipitación máis baixos.



**Figura 3:** Mapa de precipitación acumulada no verán de 2015.



Na figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1971-2000), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. Destacan algunhas zonas da provincia de Ourense, nas que practicamente non se registrou precipitación, resultando moi secas. Porén, a Mariña Luguesa e gran parte da provincia da Coruña (principalmente, en áreas das comarcas do Xallas, A Barcala, Santiago e Ordes), rexistraron valores por riba dun 50% do normal.



**Figura 4:** Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática na verán de 2015.



### 3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE VERÁN.

#### 3.1. Temperatura

A temperatura media de verán para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía positiva de 1.3 °C con respecto ó período climático de referencia 1961-1990 e de 1.2 °C con respecto ó 1971-2000. Como resultado disto tratouse dun verán cálido segundo a táboa 1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media verán (°C)		
2015	1961-1990	1971-2000
20.0	18.7	18.8

**Táboa 8:** Comparación entre a temperatura media en verán e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media no verán de 2015 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2015	1961-1990	1971-2000
xuño	19.4	17.2	17.2
xullo	20.7	19.5	19.6
agosto	19.8	19.4	19.6

**Táboa 9:** Comparación entre a temperatura media mensual do verán 2015 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Como se pode observar en canto á temperatura media, os meses de xuño e xullo resultaron cálidos con respecto aos dous períodos de referencia, mentres que agosto resultou normal con respecto aos mesmos.

Na táboa 10 pódense observar as temperaturas máximas e mínimas na estación de verán e os seus valores mensuais. Obsérvase que tendo en conta a temperatura máxima, foi cálida con respecto ós dous períodos de referencia.



Temperatura media das máximas en verán (°C)		
2015	1961-1990	1971-2000
26.2	24.6	24.6

**Táboa 10:** Comparación entre a temperatura máxima media en verán e a media climática galega.

Mensualmente, xuño resultou moi cálido, xullo cálido e agosto normal con respecto os dous períodos de referencia 1961-1990 e 1971-2000.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2015	1961-1990	1971-2000
xuño	26.1	22.7	22.8
xullo	27.0	25.5	25.5
agosto	25.6	25.5	25.7

**Táboa 11:** Comparación entre a temperatura máxima media mensual do verán de 2015 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, o verán pódese considerar cálido cunha anomalía de 0.8 °C con respecto aos dous períodos de referencia 1961-1990 e 1971-2000.

Temperatura media das mínimas en verán (°C)		
2015	1961-1990	1971-2000
13.7	12.9	12.9

**Táboa 12:** Comparación entre a temperatura mínima media en verán e a media climática galega.


A escala mensual, os tres meses de verán resultaron cálidos con excepción do mes de agosto que resultou normal con respecto ao período de referencia 1971-2000.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2015	1961-1990	1971-2000
xuño	12.7	11.6	11.6
xullo	14.4	13.6	13.7
agosto	14.0	13.3	13.6

**Táboa 13:** Comparación entre a temperatura mínima media mensual do verán de 2015 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.




Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media dos veráns dende o ano 1961 ao 2015.



**Figura 5:** Evolución da temperatura media en verán para a serie rexional galega.

A anomalía media para o verán do 2015 en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 1.2 °C, o que fai que poida considerarse cálido. No verán de 2013 acadáronse valores similares.



**Figura 6:** Anomalías da temperatura media para a serie rexional galega. O período de referencia é o 71-00.



### 3.2. Precipitación

Na táboa 14 móstranse os valores medios de precipitación acumulada no verán de 2015 ademais dos valores climáticos dos períodos 1961-1990 e 1971-2000. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (mm)		
2015	1961-1990	1971-2000
89	113	121

**Táboa 14:** Comparación entre a precipitación acumulada no verán 2015 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación neste verán foi un 21% inferior con respecto ó período 1961-1990 e un 30% inferior con respecto ó 1971-2000. Segundo os criterios da táboa 1, considérase un verán seco.


A precipitación rexistrada mostra un mes de xuño moi seco e xullo seco con respecto aos dous períodos de referencia. Porén, agosto resultou moi húmido con respecto ao período de referencia 1961-1990 e húmido con respecto ao 1971-2000.

Precipitación acumulada por mes(°C)			
Mes	2015	1961-1990	1971-2000
xuño	12	56	53
xullo	16	28	32
agosto	61	29	37

**Táboa 15:** Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de verán e as medias correspondentes aos períodos climáticos.


Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nas veráns do período 1961 a 2015. Asímesmo, na figura 8, móstranse as anomalías de precipitación en verán, xunto coa media móbil de 5 anos.





**Figura 7:** Precipitación acumulada en verán para a serie rexional galega.

A anomalía media das precipitacións para este verán en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 30% por debaixo do valor normal, o que fai que poida considerarse seco.



**Figura 8:** Anomalías de precipitación en verán para a serie rexional galega. O período de referencia é 1971-2000.